

Manifesto pola rexeneración democrática e polo desenvolvemento do potencial económico, histórico, social e cultural de Tui.

O pasado domingo 24 de maio de 2015, o pobo de Tui manifestou nas urnas unha **clara vontade de cambio político** respecto á situación vivida nas últimas décadas na política municipal que en numerosas ocasións, evidenciaron a presenza de repugnantes prácticas corruptas no exercicio de goberno.

Foi clara tamén a súa vontade de cambiar o rumbo da xestión municipal levada ata agora. Dos resultados electorais dedúcese que **a cidadanía esixe unha necesaria renovación de ideas e proxectos unha nova cultura no exercicio do poder municipal, onde o diálogo continuado entre as formacións políticas e a cidadanía e a transparencia na xestión sexan os valores catalizadores dun novo tempo político.** Cómpre pois unha aposta decidida por outra maneira de facer as cousas revitalizar e **poñer en valor todas as potencialidades económicas, medioambientais ,históricas, sociais e culturais desta fermosa Cidade.**

Todas as formacións políticas tudenses elixidas polos votantes para levar a cabo esta tarefa, máis alá de lexítimas diferenzas ideolóxicas máis ou menos marcadas nos seus programas, **manifestaron sen excepción a súa vontade de cambiar radicalmente o seu modo de xestionar a vida pública de Tui**

Sentímonos profundamente demócratas e, polo tanto, respectuosos cos resultados electorais. Os veciños e veciñas de Tui quixemos depositar en varias formacións políticas a responsabilidade de chegar a acordos que culminen nun proxecto político común, dialogado e estable, que colme e non defraude as expectativas de todos os tudenses, con independencia da súa opción política. Sabemos que non é doado, pero o mandato do pobo é claro e non deixa lugar a dúbidas. Os e as tudenses queremos unha nova forma de gobernar, queremos que as formacións políticas gañadoras saiban achegar criterios, limar asperezas, construír novos proxectos; que saiban construír un novo Tui.

Por todo o que acabamos de expoñer, exhortamos á ineludible responsabilidade das formacións políticas, para conseguir este necesario obxectivo. Non caben esperas, non podemos agardar outros 4 anos. É chegado o momento de que os partidos, as persoas nas que depositamos este “crédito” non decepcionen e que saiban estar á altura das circunstancias, deixando a un lado *egos* e intereses persoais e partidarios, e pensando no que poden aportar a este novo proxecto para Tui. Agardamos de todos eles que saiban ter a talla política e altura moral de renunciar ás ansias de poder ou de protagonismos estériles, e que saiban aportar a sabedoría, o traballo.

Con este manifesto, que esperamos sexa compartido pola inmensa maioría social tudense, queremos aportar ánimo e ilusión na difícil pero ilusionante tarefa que nestes vindeiros días acometerán os partidos políticos para chegar a un imprescindible acordo. Pero ao tempo, lembrar e referendar o mandato que os seus votantes lle deron. Están ante unha oportunidade inédita en Tui en moitas décadas. Unha oportunidade que baixo ningún concepto deben deixar fracasar, porque moitos tudenses non o íamos entender, nin poder xustificar...

O importante non é a *poltrona* na que se sentar.
O importante é a Cidade na que vivir.

Asina e comparte en [change.org](https://www.change.org)

https://www.change.org/p/os-partidos-politicos-tudense-asina-manifesto-pola-rexeneraci%C3%B3n-da-vida-politica-de-tui?recruiter=18755566&utm_source=share_petition&utm_medium=email&utm_campaign=share_email_responsive